



camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

## Camiño Escena Norte abre o prazo de inscrición de espectáculos para o programa de exhibición Itinerario Constelacións

A quinta edición do programa celebrarase do 17 de setembro ao 22 de outubro e incorpora a Navarra como quinto territorio do proxecto

CEN editará por vez primeira o 'Catálogo de espectáculos recomendados Camiño Escena Norte' para a súa promoción tanto nas cinco comunidades participantes coma no resto do Estado

**5 de febreiro de 2023.**- Camiño Escena Norte, o programa de intercambio cultural a través das artes escénicas, abre mañá, 6 de febreiro, **o prazo de inscrición de espectáculos** para xirar no Itinerario Constelacións da súa quinta edición, que se celebrará do **17 de setembro ao 22 de outubro**. As compañías interesadas teñen de prazo até o 16 de febreiro para presentar as súas candidaturas. Aquelas que finalmente resulten seleccionadas, formarán parte da nova programación con diversas funcións nas comunidades autónomas que conforman o proxecto. Toda a información e ficha de inscrición está dispoñible na páxina web [www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)

Unha das novidades desta quinta edición será o **Catálogo de espectáculos recomendados Camiño Escena Norte**, unha selección de 30 producións realizada polas comisións profesionais de CEN que levarán o selo **Espectáculo recomendado Camiño Escena Norte**. Esta marca de calidade servirá de promoción e apoio á distribución dos mesmos fóra do ámbito do proxecto. Este catálogo publicarase en formato dixital e enviarase ás e aos profesionais da programación das comunidades do proxecto, así como a unha selección de profesionais do resto do Estado. A programación do Itinerario Constelacións de 2023 sairá dos espectáculos incluídos no catálogos.

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILERAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)





camiño  
escena  
norte

camín  
escena  
norte

camino  
escena  
norte

ipar  
eszena  
bidea

Por outra banda, e logo de ser o territorio convidado na edición de 2022 -cuxas actividades superaron as 6.000 persoas participantes-, **Navarra únese definitivamente a Camiño Escena Norte como quinta comunidade do proxecto**, grazas a un importante reforzo da financiación achegada polo Goberno navarro, que permitirá programar en máis espazos da comunidade foral, ademais de aumentar as funcións das compañías navarras nos territorios CEN. Ademais, as e os artistas desta comunidade poderán tomar parte de todas as actividades do proxecto cultural.

**Camiño Escena Norte** é unha iniciativa promovida polas asociacións profesionais de produtoras de artes escénicas Escena Galega (Galicia), EscenAsturias (Asturias), ACEPAE (Cantabria) e Eskena (País Vasco). Todas elas, unidas na supraentidade Camino Escena Norte AIE -creada especificamente para o desenvolvemento, xestión e produción deste proxecto-, impulsan unha intensa programación escénica coa intención de **pór en valor a diversidade cultural, lingüística e de formatos e linguaxes** da produción do norte da Península Ibérica.

Desde o seu nacemento en 2019, Camiño Escena Norte leva o **teatro, a danza e o novo circo a escenarios alonxados dos circuítos habituais**, ofrecendo a oportunidade de acceder á cultura a públicos de municipios e localidades que habitualmente non teñen acceso a este tipo de propostas. Tamén facilita ás compañías seleccionadas en cada edición o acceso a novos espazos e escenarios nos que desenvolver a súa creatividade.

### Contacto de prensa CEN Galicia

Lucía Pita | 675 404 321 | [lucia.pita@theofficeco.es](mailto:lucia.pita@theofficeco.es)

Accede á [Sala de prensa Camiño Escena Norte Galicia 2022](#)

PROMOVE / PROMUEVE / SUSTATZAILEAK:



[www.escenanorte.com](http://www.escenanorte.com)

